MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO

FO300

(É obrigatorio cubrir todos os apartados deste documento. No caso de que o espazo sexa insuficiente ou ben queiran ampliala, deberán achegar como documentación adicional, un PDF asinado dixitalmente)

1.- IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO

Persoa ou entidade solicitante: Nós, Produtora Cinematograáfica Galega, S.L.
Proxecto: Filme documental: **1918. A Revolta (das mulleres)**
Resumo breve do proxecto: ¬ IDEA: Documentar nun proxecto audiovisual a revolta labrega de ferrolterra ao que se uniu logo os traballadores do arsenal e asteleiro en 1918 e lembrar xunto coa "comisión revolta popular marzo 1918" este capítulo da nosa historia ¬ TEMA: as mulleres labregas e operarias erguen a todo un pobo contra os poderosos TRATAMENTO: O documental divídese en tres partes: A) A historia da comisión e o traballo durante un ano (máis de 30 encontros, roteiros, concertos, colocación de placas, murais e monumentos) B) Tres persoas historiadoras, divulgadoras que narren a liña informativa . Unha educadora que conta a importancia da memoria para crear futuro en liberdade. C) A memoria oral das familias de persoas que faleceron na revolta nun lugar emblemático para a comarca: o interior do muíño de Xuvia

2.-TRAXECTORIA E NATUREZA DA ENTIDADE SOLICITANTE.

Na redacción deste apartado deben constar os criterios de valoración automática que figuran na base

8.1 – apartado 1

Currículo dos profesionais e/ou empresa/s que promoven a proposta (con indicación da formación específica para esta actividade) **Olaia Ledo Díaz, guionista, produtora e documentalista en Nós, Produtora Cinematográfica Galega desde 2005.** **Membro xurado do festival MUFEST (festival de mulleres)** **Membro da comisión audiovisual da AAC Semente de trasancos e AC Xebra**	(Achegar tantas follas como fora preciso)
Porcentaxe de mulleres no capital social da entidade 38% **Porcentaxe de persoas con diversidade funcional no capital social da entidade 13%%** **Experiencia en iniciativas similares nos últimos 3 anos** Nós, Produtora Cinematográfica Galega nos últimos tres anos realizou programas documentais para a galega que se chaman "familia de oficio" que trataba oficios tradicionais do país que pasan de xeración en xeración facendo fincapé nos oficios de mulleres e desde un punto de vista de xénero, histórico, etnográfico e cultural co país. Deste modo o documental que presentamos plantexa a mesma perspectiva de xénero e quere poñer en valor o papel das mulleres na nosa historia e dalo a coñecer a todo o público	

Explicación da traxectoria do proxecto en anteriores fases ou edicións	(Achegar tantas follas como fora preciso)

3.- CARACTERÍSTICAS E CALIDADE TÉCNICA DO PROXECTO

Realizarase unha fundamentación razoada indicando:

3.1. Interese da proposta (descrición da adecuación da actividade proxectada ás finalidades previstas na convocatoria, a coherencia dos obxectivos, a innovación na súa metodoloxía de desenvolvemento)

¬ un documental gravado en 4k cunha fotografía coidada que deixe para o lobo gallego un filme documental de calidad que trata de algo fundamental: a memoria histórica das omitas veces invisibilizadas: as mulleres. Unha historia que fale do pasado mais tamén nos faga reflexionar no presente: o papel das mulleres onte e hoxe, o que avanzamos e o que nos queda por facer. A loita labrega dun pobo que non é submiso e a recuperación da nosa historia.

(Achegar tantas follas como fora preciso)

3.2. Calidade e solvencia do proxecto (descrición da metodoloxía de desenvolvemento do proxecto, a viabilidade deste tendo en conta a proposta de cronograma e ámbito territorial das accións, os medios materiais, o equipo profesional previsto, a adecuación do orzamento presentado, a calidade do plan de difusión e a existencia de indicadores cuantitativos e/ou cualitativos de impacto social)

Gravación outono 2019 (setembro - outubro). Recursos xa gravados do centenario en 2018.
Metodoloxía ao uso cunha producción audiovisual.
Medios materias: tres cámaras de cinema, sistema profesional de audio. Masterización en NUMAX cooperativa de posprodución de imaxe e subtitulado e posprodución de audio en Cinemar. Tamén contaremos para a escenografía de estudos de grabación e aluguerde vestiario
Persoal técnico: dirección, documentalista, dirección de producción, producción executiva, operadores de cámara, sonidista, montadora, axudante de montadora, realización de posprodución e grafista

(Achegar tantas follas como fora preciso)

3.3. Contidos e enfoque social (descrición da presenza da perspectiva de xénero no deseño e desenvolvemento dos proxectos, o uso de criterios de sostibilidade medioambiental e, en xeral, o uso de metodoloxías e enfoques inclusivos e que fomenten valores de convivencia e cohesión social)
Todo filme documental está reseñado e escrito desde a perspectiva de xénero. A persoa guionista forma parte activa da Comisión Revolta Popular Marzo de 1918 e ten máis de 500 páxinas de documentación en canto a noticias en xornais da época (incluída prensa estranxeira) , escritos e publicacións varias de dar a coñecer a Revolta, imaxes e fotografías da época, partidas de defunción das persoas protagonistas da Revolta. Autorización e colaboración de concellos da comarca para a realización de localizacións e autorización expresa da comisión para realizar o filme documental.
Ademais, resolverase unha parte escénica de ficción onde se recitará unha postal de loto publicada no semanario de A Nosa Terra en marzal de 1918 que descrebe a perfección a natureza das mulleres que se movilizaron nesa revolta representada por María González Fernández , de corenta e seis anos , ferida de bala na feira do 13 en Sedes e finada no hospita de Ferrol. A feira do 13 en Sedes foi un dos momentos de maior represión da Revolta onde se disparou contra a multitude e caeron seis persoas no acto, e así citase "C´o teu sangue, coa sangue das túas veas - coma denantes doutras mulleriñas sinxelas e rexas, orgulo de Galiza- conquerichedes o dereito a seren libres pra os vosos fillos (…)" di unha parte da postal.

(Achegar tantas follas como fora preciso)

4.- IMPACTO SOCIAL E DESTINATARIOS

- **4.1. Perfil e número estimado de persoas destinatarias que se beneficiarán directa ou indirectamente do proxecto** (si é o caso, explicar si está dirixido a persoas con diversidade funcional, en risco de exclusión social, implicación da mocidade adolescente, estratexias de relación interxeneracional e de normalización social da lingua galega)

- Está dirixido a todo tipo de persoas e distribuírase por todo o país unha vez rematado. Ademais , no seu remate contará con dobraxe e subtitulado para persoas xordas e cegas e traballaremos cun grupo de teatro. O documental está dirixido a todos os sectores de idade e conta na súa documentación cunha unidade didáctica feita pola mestra de educación primaria Ana Pérez e a AS-PG para educación infantil, primaria e secundaria que se está repartir nos centros de Ferrolterra. Unha parte das gravacións serán en centros educativos e Ana Pérz, como membro da Comisión da Revolta Popular de Marzo de 1918, terá un lugar preferente no filme.

-

- **4.2. Indicadores cuantitativos e/ou cualitativos de impacto social que se empregarán para medir a consecución dos obxectivos do proxecto, así como estimación previa dos valores que se espera acadar.**

Agárdase continuar co traballo de difusión dunha parte importante da nos a historia descoñecida até a creación da Comisión Revolta Popular Marzo de 1918 que no ano do centenario marcaron os obxectivos:
1.- Difusión mediante actos, charlas, encontros e mocións nos concellos de Ferrolterra que foron aprobadas sobre a revolta. (conseguido)
2.- Publicación en revistas especializadas e artigos de opinión (conseguido)
3.- Atopar familiares descendentes da Revolta (conseguido)

Ademais traballouse unha unidade didácticas para colexios e institutos, relacionouse con revoltas que foron xurdindo no país (por exemplo a revolta das mulleres da Coruña en colaboración coa fundación Alexandre Bóveda) e máis de 1000 persoas participaron nos actos da comisión á que, a productora Nós, filmou material audiovisual. Ademais colocáronse placas nos Concellos de Fene, Neda, inaugurouse un parque en Narón e instalouse un monumento en memoria das mulleres da revolea no mesmo lugar que colocara a veciñanza que fora retirada polo fascimos en 1936.

Conclusión: queremos chegar a sociedade galega para contarlles unha parte da nossa historia ocultada até case o centenario, para iso pretendemos difundir e estrear o documental en todos os concelhos do país que así o estimen oportuno e crear un plan de comunicación específico para tal fin.

- **4.3. Colectivos aos que se dirixe o proxecto e perspectivas e enfoques cos que se desenvolverá.**
- A todos os colectivos en Xeral cun enfoque de xénero, inclusivo e que poña en valor a todo o pobo galego co coñecemento da súa historia rebelde: nós temos o noso propio 8 de marzo en Galiza porque foi un 8 e 9 de marzo cando mulleres operarias de Xuvia e labregas da comarca decidiron alzarse contra os poderosos.

5.- CAPACIDADE RELACIONAL E COOPERATIVA DO PROXECTO

Colaboracións entre empresas, realización de accións de colaboración directa con asociacións, centros educativos, colectivos culturais e sociais, etc. do territorio.

Poderá presentar cartas de apoio previo de entidades e/ou asociacións que traballen no eido ao que vai dirixida a iniciativa (documentos anexos)

Presentamos documentos anexos de colaboración das seguintes entidades: AS-PG, AC Medulio, AC Xebra, AC Semente de Trasancos, Fundaçom Artábria, Colectivo Terra de Pontedeume, Comisión Revolta Popular marzo 1918

6.- ORZAMENTO E PLAN DE DIFUSIÓN DO PROXECTO NO QUE FIGUREN TODOS OS GASTOS SUBVENCIONABEIS

O orzamento estará desagregado, con e sen IVE.
Indicarase expresamente as fontes de ingresos previstos (monetarios ou en especie) e as porcentaxes que se destinan no orzamento a cada parte deste (coordinación, produción, contratación de actividades artísticas, plan de comunicación e mercadotecnia, etc).

Proxecto de filme documental

ORZAMENTO

DE PRODUCIÓN

TÍTULO PROVISORIO DO FILME DOCUMENTAL

1918. A REVOLTA

(DAS MULLERES)

EMPRESA PRODUTORA EXECUTIVA

NÓS, Productora Cinematográfica Galega, S.L.

Duración Aproximada: 54

Orzamento / Revolta popular 1918

Conceptos	Importe en Euros	
	Parcial	Acumulado
IVE.		

01. Guión		**3.000,00**	
01.01. Guión	3.000,00		
02. Persoal protagonista		**3.000,00**	
02.01. Actores	3.000,00		
03. Persoal técnico		**25.200,00**	
03.01. Dirección	4.000,00		
03.02. Documentalistas	3.000,00		
03.03. Direc. de producción	1.500,00		
03.04. Producción executiva	2.000,00		
03.05. Cámaras	4.000,00		
03.06. Sonidistas	2.200,00		
03.07. Montador	2.000,00		
03.08. Axudante Montador ..	1.000,00		
03.09. Realización posprod.	2.000,00		
03.10. Grafista	3.500,00		
04. Escenografía		**1.000,00**	**210**
04.01. Estudios gravación .	200,00		
04.02. Alugueiro vestiario	800,00		
Suma e sigue		**32.200,00**	**210**

Orzamento / Revolta popular 1918

Conceptos	**Importe en Euros**		
		Parcial	**Acumulado**
IVE.			
Suma anterior			**32.200,00**
210			
05. Estudios montaxe, sonorización e varios			**3.200,00**

672

05.01. Estudios montaxe e
posprodución ... 3.200,00

06. Maquinaria de rodaxe e
transportes **3.000,00**

630

06.01. Maquinaria rodaxe
transportes 3.000,00

07. Viaxes, hoteis e dietas **1.500,00**

315

07.01. Viaxes, hoteis e dietas 1.500,00

08. Material de rodaxe e
posprodución **3.000,00**

630

08.01. Tarxetas video 1.000,00
08.02. Imaxes de arquivo 2.000,00

Suma e sigue **42.900,00**

2.457

Orzamento / Revolta popular 1918

Conceptos	Importe en Euros Parcial	Acumulado
IVE.		
Suma anterior		**42.900,00**
2.457		
09. Seguros	**7.600,00**	
09.01. Seguridade social	7.200,00	
09.02. Seguros varios	400,00	

10. Gastos Xerais	**1.000,00**	**210**
10.01. Gastos de oficina 200,00		
10.02. Gastos Financeiros ... 700,00		
10.03. Imprevistos 100,00		
COSTE TOTAL FILME DOCUMENTAL	**51.500,00**	**2.667**

(Achegar tantas follas como fora preciso)

Plan de difusión do proxecto

Plan de Comunicación previo e distribuídora desde Nós, Produtora Cinematográfica Galega, S.L.
Presentación do filme documental en festivas de cinema de ámbito europeo
Petición de colaboración coa TVG para a cesión de dereitos en lingua galega para difusión televisiva.
Presentación do documental na comarca e concellos colaboradores.

(Achegar tantas follas como fora preciso)

- **7.- CAPACIDADE DE TRANSFERENCIA E CONTINUIDADE DO PROXECTO.**

- Publicación dunha memoria final accesible de xeito aberto e a fórmula en que se efectivizará
Guión documental:

- ¬ *Unha muller maior vai andando soa, é gravada de costas todo o tempo e en movemento, o único son o das árbores, abre unha porta: entra no camposanto de Sedes e achégase até o panteón familiar , le "Manuel Romero Romero 6 de Xaneiro 1899 – 20 de marzo de 1918). Escóitase a súa voz " o meu tío ía buscar a padre á feira do 13. Así sempre o contaban na casa (...)" .*

Música e inicio do coumental. A partir de aquí, diferentes entrevistas de persoas que estudaron este capítulo da historia e outros que sucederon nesta época marcada no contexto internacional pola I Guerra Mundial e a Revolución Rusa e no estado pola proliferación de acaparadores que queren lucrarse grazas á neutralidade de España no conflito. Ademais, as autoridades permitían os abusos con impostos de consumo abusivos e co uso da forza ante calqueira mínima protesta. A historia será fiada en todo momento con imaxes e noticias do que aconteceu na revolta popular de 1918 e que deixou á comarca en estado de sitio e coas comunicación cortadas.

Outra parte do documental falará da memoria oral con personaxes familiares e, dous membros da comisión da revolta popular: Ánxel Rial e Ana Pérez estarán para dar continuidade ao relato. Entre todas as persoas intentarán falar duns feitos e contextualizalos na actualidade. Todo nun escenario que foi partícipe da revolta e da historia da comarca durante séculos: o muíño de Xuvia. No filme contaranse os feitos e o traballo da comisión que durante un ano fixeron que unha comarca se sentira orgullosa do seu pasado e que poida lembrar algo que fora esquecido porque houbo intención de que así fose. Remataremos nunha aula do CEIP Xoán Filgueira onde alumnos de primaria contan cunha unidade didáctica acerca da Revolta e mostrararemos que agora sí, coñecemos e aprendemos o que fumos e o que somos.

- ¬ No documental explotarase as marxes da ficción cun grupo de teatro que de maneira sutil faga entender a magnitude dos feitos. Arredor deles, salientar o papel crucial das mulleres na Revolta estará sempre presente: organizadas en comisións o seu activismo levou á demisión de alcaldes, baixada de prezos e, en 1933 á colocación dun monumento en memoria dos feitos.

- Resumo de documentación e análise da autora, Olaia Ledo

- "Conta a historia das mulleres porque delas nunca se fala". Así comezaba una presentación de "Non des a esquecemento" libro escrito por Luís Bará e non hai que ser moi consciente para saber que é una realidade. Ocultándoa, ocúltannos unha parte da historia, modifícana ao seu antollo e seguen a perpetuar o patriarcado; porque calquer movemento de revolución precisa de nós, as mulleres, e en cada revolta seguimos a xogar un papel crucial.

- É marzal de 1918, e na comarca de Ferrolterra prende a faísca, as mobilizacións agrarias e obreiras son unha realidade. Estamos nun contexto internacional marcado pola primeira guerra mundial e a revolución rusa. O estado español quere aproveitar a circunstancia e vende trigo e outras materias primas aos países en conflito, pero desabastece os mercados internos e proliferan "acaparadores". En Galiza o movemento nacionalista galego existe coas Irmandades da Fala (en Ferrol nacen en 1917), e é nas Irmandades onde as mulleres reclámanse como suxeito político, tamén comezan a organizarse en sindicatos e a través do movemento agrario. Na primeira semana do mes de marzo o gobernador da Coruña prohíbe a saída de trigo para a comarca de Ferrolterra (é salientábel que nesta comarca veñen de gañar os rexionalistas de ideas contrarias ao gobernador) co que é case imposíbel adquirir mesmo pan. Co caldo de cultivo preparado o 8 e 9 de marzo xurden as primeiras protestas na zona de Xuvia (no concello de Narón e Neda) encabezadas polas mulleres da fábrica de textís. Intentan reunirse cos alcaldes da zona e ante a negativa protéstase aos comercios do lugar e diante das casas das persoas ricas. Hai disparos e ás primaieras feridas de bala na cabeza a Josefa Naval Luaces e a Rosa Tenreiro Ameijeiras.

- Nas semanas que virán xurdirán comisións de mulleres, paros xerais nos asteleiros e no arsenal... e estenderanse as protestas a Ferrol, Serantes, Pontedeume con peches de fábricas , folgas. As mulleres asaltan os trens en Maniños e confiscan o que neles traen. Negócianse un listado de prezos e declárase o estado de guerra e unha manifestación sae en Ferrol que é dispersada a tiros causando a morte dun neno máis un traballador do arsenal. Neste contexto, o 12 de marzo hai un mitin en Ferrol con 3000 traballadores, preludio dun enterro histórico do traballador asasiñado. En Fene o alcalde comeza a negociar a baixada de prezos coa comisión de mulleres dese lugar. O máis coñecido na historia mais tamén de vagar é o día 13 en Sedes, Narón nunha feira importante daquela época. Nada fai ver que algo bo pode

pasar cando a Garda Civil e cabalería e infantería están na feira. Comezan as protestas diante da casa do alcalde, un gran acaparador, cacique e ladrón e este pide que se dispare ao pobo . Hai sete persoas mortas por mor disto e multitude de feridas e, ao día seguinte, parte desde Ferrol unha manifestación de xente obreira (6.000 segundo as crónicas da época) para levar unha coroa ata Sedes. Declárase o estado de guerra e o militar.

- Hai máis mobilizacións e a prensa deixa de ter comunicación coa comarca (é interesante ver como dous xornalistas da voz de galicia contan como tentaron achegarse en tren na comarca e atopáronse cun asalto ao tren e unha mobilización que relatan como histórica e de dimensións descoñecidas até o momento) e a censura fai que só teñamos conta de persoas feridas e declaracións e xuízos maioritariamente a mulleres que son detidas e soltadas despois de recibiren amnistía días despois algunhas delas. Máis a desinformación fai que non haxa unha idea clara do acontecido despois desde que se cortaron comunicacións. Si que sabemos que o 25 de marzo hai un gran mitin onde entre as persoas oradoras só hai unha muller: Josefina Neira Fernández. Conseguiron obxectivos: os alcaldes de Ferrol e Narón víronse obrigados a dimitir xunto co xefe da garda municipal e foron quen de baixar os prezos.

- A represión, incluso baixo a censura, móstrase terríbel, nada sabemos da multitude de feridas durante a revolta e o que aconteceu despois máis podemos imaxinala tras unha estampa na portada da Nosa Terra que lles debuxa Castelao cun león do parlamento de Madrid ao cal unha espada na que se le "Viva España" atravésao dando por morto e cunha frase lapidaria "ollando aos patrioteiros españois, vense cousas que arrepían". A nosa terra tamén se fai eco en páxinas interiores do que está a acontecer. A historia de Galiza ten que lembrar este capítulo que marca ao noso país á altura do acontecido en Nebra pola organización labrega e obreira e por marcar en vermello con outros sucesos da época coma en Oseira, Sofán ou Sobredo. As mulleres foron quen de prender unha faísca e lembraron o acontecido durante décadas. De feito é en 1933 cando na feira do 13 (Sedes) colócase un monumento no que , na súa inauguración milleiros de persoas achéganse en lembranza dun pobo que foi quen de loitar nunha revolta popular e conseguir parte dos seus obxectivos que só foron parados con represión e negociación nun momento onde a carestía da vida e as condicións nas que quería someter a Galiza fai que fose preciso rebelarse.

- Podemos mirar o contexto actual e ver en que se mellorou, podemos decatarnos que este capítulo non aparece nos libros de texto e salvo a memoria dalgunhas persoas que viñeron a chamala “a revolta das pedradas” ou de maneira máis local a “revolta de Sedes” pouco se chegou a saber destes sucesos borrados pola dicatadura franquista. ExistiÉ curioso ver como nos xornais da época centrábase en que a revolta era propiciada por mulleres das para quitar importancia, para distorsionar e pervertir a grandeza e horabilidade dos feitos. É curioso ver coma aos homes asasiñados se lle pon o nome completo e ás mulleres non, coma se fosen menos cando na realidade o número de feridos en crianzas e salientábel neste movemento polo feito de que acompañaban ás súas nais xa que elas facíanse cargo deles. Desmontemos o patriarcado: as mulleres estaban organizadas a pesar dos impedimentos aos que se vían sometidas e, un ano despois, seguiron loitando vendo coma os caciques seguían a beneficiarse da fame e foron quen de organizar o primeiro mitin de mulleres en Ferrol. Nun artigo de Elas fixeron historia mais a historia foi contada por homes unha vez máis. Rosa Luxemburgo escribira un pouco antes “a emancipación política das mulleres tería que facer soprar unha oleaxe de vento fresco incluso na vida política que elimine o fedor da hipócrita vida familiar actual que, de modo inequívoco, permea incluso aos membros do noso partido, tanto traballadores coma dirixentes”. Desde logo algo mudou naquela época coa Revolta popular de marzo de 1918 e os compañeiros de loita tomaron nota. Antón Vilar Ponte rememora estes sucesos nun artigo escrito na segunda república e é quen de presenciar como na primeira asemblea das Irmandades da Fala aproban o Manifesto Nacionalista de Lugo onde reclaman “a igualdade de dereitos para a muller” sen dúbida, isto é posíbel pola loita das que nos precederon e reflexa un camiño necesario para a soberanía das mulleres. No noso país, unha vez máis da man do movemento nacionalista e grazas a nós mesmas, organizadas, defendendo a igualdade real, loitando e conquistando mudanzas dun país que semellaba ía ser novo e vendo as arelas que tan lonxe aínda están hoxe.

- A faísca prendeu daquela e coñecendo está máis preto de que prenda hoxe no pobo galego, cando perdemos o medo somos invencíbeis e só con esperanza teremos o nosos espazo. Para iso nace Comisión da Revolta Popular de Marzo de 1918 con persoas organizadas en toda Ferrolterra para conmemorar o seu centenario é polo traballo de xente que semella invisíbel pero que o amor cara a súa terra fai que transforme á realidade. Vivimos un momento duro, non sabemos ben cara onde nos diriximos pero os represores non queren que

sexamos optimistas porque saben que así seguiremos a taballar para acadar unha soberanía real, onde todas as persoas de Galiza vivamos en igualdade , fora de acaparadores que destrúen a nosa cultura, patrimonio e tamén modo de vida. As persoas optimistas sempre atopamos unha xanela onde seguir abrindo paso a un futuro digno, como o que conquistaron en 1918 e que borraron os que siguen a roubar na nosa terra, os de sempre máis os que teñen medo de que continuemos porque só vencen os pobos que loitan



Familiares descendentes na homenaxe de 13 de marzo de 2018.

- Uso de licenzas de autoría e uso aberto na documentación xerada

- - Publicación da memoria, documentación gráfica e/ou audiovisual do proxecto nun repositorio de acceso público, como por exemplo archive.org, Galicia e/ou Europeana.

- Permanencia do proxecto, ao incluír unha proposta de continuidade para o seguinte ano.

Permanencia do proyecto en canto á distribución e difusión do filme.